



OBRADORIOS PUNTO ARCOÍRIS NO CENTROS PÚBLICOS DE ENSINO MUNICIPAIS

DOSSIER DE ACTIVIDADES DOS 'PUNTOS ARCOÍRIS' NOS
CENTROS EDUCATIVOS MUNICIPAIS DE SECUNDARIA NO MARCO
DO 17 DE MAIO DE 2025, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A
LGTBIFOBIA

[SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA EN IGUALDADE DO CONCELLO DE OLEIROS]



Concello de  Oleiros

Contidos

PUNTOS ARCOIRIS.....	3
OBRADOIRO NA AULA.....	4
INTRODUCCIÓN: QUE PASA CO ODIO?.....	5
OBXECTIVO	5
DESENVOLVEMENTO.....	5
ACTIVIDADE 1. HAI 2 TIPOS DE PERSOAS....	11
OBXECTIVO	11
DESENVOLVEMENTO.....	11
ACTIVIDADE 2. O AMOR COMO MOTOR DE CAMBIO SOCIAL	13
OBXECTIVO	13
DESENVOLVEMENTO.....	13
REFLEXIÓN FINAL	14
ACTIVIDADE DE DINAMIZACIÓN NO PUNTO ARCOIRIS	15
DESENVOLVEMENTO.....	15

Como cada ano, o Concello de Oleiros quere facer explícito o **seu compromiso en seguir traballando en prol dun municipio libre de violencias machistas**, entendendo que, por unha banda, o **recoñecemento da diversidade sexual e de xénero** e, pola outra banda, a **erradicación das violencias LGTBifóbicas**, son imprescindibles para acadar unha sociedade verdadeiramente xusta, libre, igualitaria e democrática.

O Concello de Oleiros traballa en prol da diversidade e contra as violencias LGTBifóbicas de forma sostida e continuada no tempo, pois entende que tan só así conseguírase un impacto social real e efectivo.

Mais tamén é consciente de que **as datas sinaladas e de conmemoración son palestras de sensibilización e comunicación coas que se consegue chegar a unha maior parte da cidadanía**, completando e apoiando o traballo realizado o resto do ano.

Por este motivo, desde a área de Igualdade do Concello de Oleiros realizaranse **actividades de sensibilización co alumnado e os centros educativos para a conmemoración do 17 de Maio de 2025, Día Internacional contra a LGTBifobia**.

A continuación recóllese que son os Puntos Arcoíris, as datas propostas para a súa realización, e o dossier das actividades que se van realizar co alumnado nos centros públicos municipais de educación secundaria.

PUNTOS ARCOÍRIS

O 17 de Maio, Día Internacional contra a LGTBIfobia, é un día para a concienciación sobre as violencias que sofren as persoas LGTBQA+ nos diferentes ámbitos (persoal, profesional, académico etc.) e espazos (rúa, fogar, transporte, ocio nocturno etc.) da súa vida polo feito de ser LGTBQA+.

Por isto, desde o Concello de Oleiros **instalaranse Puntos Arcoíris nos diferentes centros educativos municipais entre o 23 e o 30 de maio**, un día en cada centro, durante a súa xornada escolar.

Os Puntos Arcoíris son **puntos de información, sensibilización e atención para a inclusión da diversidade sexual e de xénero, e para a prevención, detección e actuación fronte as violencias LGTBfóbicas**, conformados por un equipo de profesionais en materia de xénero, diversidade e violencias. Nos Puntos Arcoíris instalados nos centros, tanto o alumnado como o profesorado poderá recibir información sobre:

- As violencias LGTBfóbicas e as súas manifestacións (indicadores para a prevención, detección e actuación);
- Os recursos e servizos de información e atención especializados na materia a nivel municipal, autonómico e estatal;
- Temas de interese entre o propio alumnado e profesorado en materia de diversidade sexual e de xénero e violencias LGTBfóbicas.

Ademais, desde os Puntos Arcoíris realizarase **unha actividade de sensibilización** co obxectivo de concienciar e sensibilizar ao alumnado arredor das accións que pode desenvolver no día a día para facerlle fronte ao odio e contribuír á transformación social.

Data:	Do 23 de maio ao 6 de xuño (ambos inclusive)
Horario:	Xornada escolar
Lugar:	Centros de educación secundaria do Concello de Oleiros
Público obxectivo:	Alumnado e profesorado

OBRADOIRO NA AULA

Como se chama?	O amor é revolucionario!
A quen vai dirixido?	Alumnado de 2º e 3º da ESO
Canto dura?	50 minutos (1 sesión)
Que persegue?	• Reflexionar sobre o amor como ferramenta política e comunitaria que combate o odio, a soidade e a LGTBifobia. • Reivindicar a forza colectiva do coidado, da empatía e da acción como alternativas á exclusión e á violencia.
Que enfoque ten?	Crítico, reflexivo e participativo, con espazo para o humor, o debate e a emoción.

ACTIVIDADES A DESENVOLVER NAS AULAS

1. QUE PASA CO ODIO?

Partindo da conmemoración do 17M, introdúcese o concepto de LGTBifobia e as súas formas visibles e invisibles. Preséntanse as credenciais do odio e desmóntase a falsa idea de que o odio xera comunidade.

2. HAI 2 TIPOS DE PERSOAS...

Esta actividade consiste nunha dinámica participativa de autocoñecemento e reflexión sobre a diversidade a través de eleccións dicotómicas. Axuda a recoñecer que cada persoa é única, pero que tamén sempre hai cousas que nos conectan.

3. O AMOR COMO MOTOR DE CAMBIO SOCIAL

En grupos pequenos, o alumnado reflexiona sobre accións concretas que representan o amor como coidado, transformación, resistencia ou comunidade.

INTRODUCCIÓN: QUE PASA CO ODIO?

Duración: 15 minutos

OBXECTIVO

- Contextualizar a conmemoración do 17 de Maio, Día Internacional contra a LGTBIfobia.
- Introducir o concepto de LGTBIfobia como forma de odio e reflexionar sobre como opera este odio (máis alá da violencia física ou da ira).
- Presentar o amor como ferramenta de transformación social e resistencia.

DESENVOLVEMENTO

Sabedes por que estamos facendo este obradoiro hoxe? Porque estamos preto do 17 de maio, que é o Día Internacional contra a LGTBIfobia.

- **Alguén sabe o que é iso da LGTBIfobia?**

Explicación dinamizadoras:

A LGTBIfobia é o odio, o desprezo, o rexeitamento, a violencia que se exerce contra persoas por ser lesbianas, gais, bisexuais, trans ou queer, ou por saírse do que se espera que sexa un home ou unha muller.

E non, non é cousa só de agresións físicas ou insultos. A LGTBIfobia tamén aparece en cousas máis sutís. Por exemplo:

- rirte de alguén polos seus xestos,
- facer bromas coa súa forma de falar ou expresarse,
- poñerlle un mote,
- asumir que é raro ou rara...

Todo isto tamén é violencia, aínda que non a percibamos con tal.

E por que pensades que non o percibimos como violencia?

O tema é que a violencia está moi relacionada co odio. E moitas veces pensamos que o odio é só unha emoción moi intensa de carraxe ou de ira, de explosión. Pero **hai formas de odio moito máis silenciosas**.

O odio tamén actúa cando infravaloramos, deshumanizamos, excluímos, ou negamos a existencia doutra persoa. Por exemplo:

- Cando dicimos que alguén 'non é normal'.
- Cando se facemos unha broma cruel e logo dicimos: 'non te piques, que era de risas'.
- Cando alguén cambia de instituto porque xa non aguanta que lle digan 'maricón' todos os días.

Todo iso tamén é odio. Aínda que nós non o identifiquemos como tal.

- Vós, por que pensades que aparece o odio?
- E como pensades que actúa?

Explicación dinamizadoras:

O odio non aparece así, sen máis. Ten un mecanismo social complexo, unhas trampas. É ao que nós chamamos as credenciais do odio. Algunhas delas son que:

1. **O odio deshumaniza.** Fai que vexamos a outras persoas como inferiores, como raras, como algo que non encaixa no mundo real. Por exemplo:
 - Cando negamos o dereito dunha persoa trans a usar o seu nome sentido. Iso tamén é deshumanizar.

Porque, ***que máis nos dá chamar a unha persoa polo nome que nos indica e co que se identifica?*** Por que ten que estar no seu DNI?

Se, por exemplo, me chamo Araceli, pero todo o mundo me chama Chola, a min esíxeseme que o meu alcume estea recollido no DNI?

Cal é exactamente o esforzo que nos supón?

Non ten sentido, non? Bueno, si o ten: chámase transfobia, e é unha forma de odio.

2. **O odio disfrázase.** Moitas veces ven vestido de humor, de liberdade de expresión, ou mesmo de suposta preocupación polo benestar de alguén. Pero cando fai dano, fai sentir medo, vergoña, invalidez, fai sentir inferior, que tes que esconder algo de ti... non é unha opinión nin unha broma, é unha forma de violencia. Por exemplo:
 - Cando alguén di 'eu teño dereito a opinar, e para min iso non é natural, é unha enfermidade'.

Pode considerarse como válido socialmente un debate que nega a existencia ou os dereitos dunha persoa?

3. **O odio fainos sentir parte de algo.** E isto, é unha das cousas máis perigosas que hai, e a gran protagonista de que esteamos na actualidade onde estamos.

Odiar a alguén de forma compartida, colectiva, fainos sentir parte de algo, lexitímanos e retroaliméntanos porque nos dá a razón, exactamente igual que ChatGPT. Dános a sensación que moita xente pensa así, entón que está ben. E iso, dános un sentido de pertenza tan difícil de atopar na actualidade, onde se valora por enriba de todo a individualidade, que nos engancha, porque fainos sentir acompañados e acompañadas.

Pero, é unha falsa sensación de comunidade. Odiar de forma compartida, non é un vínculo sostible no tempo. **Por exemplo:**

Un grupo que se burla dunha persoa pode sentirse máis unido e máis lexitimado porque *'estamos rindo do mesmo. Entón igual levamos razón. É máis, igual somos especiais porque somos os únicos que ven a realidade. Somos os listos. Somos os mellores, e o resto está cegado polo wokismo. Somos os escollidos. Si, somos especiais'*.

Pero esa unión é unha mentira. E esa falsa sensación de maioría, tamén.

Ese vínculo que se sente cando se odia 'conxuntamente' é moi fráxil, porque o único que ten en común é un espazo no que se odia de forma compartida.

Pero, esas persoas coas que odias conxuntamente están aí para ti máis alá do feito de odiar? O certo é que non.

Vamos, que o odio é unha emoción, un afecto, moi poderoso e moi forte. Pero agora, pensade:

- ***Existe algunha outra emoción ou afecto coa mesma forza? Igual de poderosa que o odio? Cal?***

Algo que nos una en verdade, e que o seu obxectivo non sexa facer dano. Algo que busque construír no canto de destruír.

Explicación dinamizadoras:

Pois si, o **AMOR**. Pero non estamos falando do amor romántico das películas, senón dun amor moito máis profundo, dun un amor que:

- Resiste
- Transforma
- Acompaña
- Cuestiona as inxustizas
- E se planta fronte ao odio.

Vamos, do amor como motor de cambio social.

Pensades que é cursi?

O certo é que o amor non é só un sentimento que nós sentimos de forma individual. Esa é unha idea de amor que, ademais de xustificar moitas cousas que non están moi ben moitas veces, é moi limitada e reducionista.

O amor tamén é:

- Acción
- Movemento
- Cambio
- Transformación social

É a decisión diaria de coidar, de respectar, de defender, de non calar ante unha inxustiza, de construír espazos onde todas as persoas poidan vivir da mellor forma posible e sen medo.

O amor é crear espazos onde todas e todos poidamos ser libres.

E o amor, polo tanto, tamén é loitar colectivamente para que as condicións que permiten e posibilitan unha vida digna, con benestar, tranquilidade e sen medo, poidan darse para todas as persoas.

En conclusión:

- *O odio fainos máis pequenas, máis illadas.*
- *O amor fainos máis grandes, máis libres.*
- *O amor é unha forma de transformar o que nos rodea.*
- *O amor é unha forma de estar no mundo que pon a vida e a dignidade das persoas no centro.*

Así que hoxe imos falar dese amor que loita, que coida, que transforma. Porque o amor tamén é revolución.

- **Crédesme ou non me credes?**

Pois vouvos poñer un exemplo real do amor como revolución.

Exemplo específico de apoio 1: Os movementos pola paz e o Día Mundial da Paz

Sabedes que existe un día dedicado á paz en todo o mundo, non? Si, o Día Mundial da Paz.

Que día é? A ver se vos lembrades. Efectivamente, o 21 de setembro.

O 21 de setembro celébrase o Día Internacional da Paz, unha data recoñecida pola ONU que busca promover a convivencia, o respecto e a non violencia en todo o mundo.

Pero esta data non naceu por casualidade, nin tampouco foi idea dun presidente ou dunha grande organización. A historia detrás deste día comeza cunha persoa e cun soño: crear un día para parar a violencia, para lembrar que a paz é a maior das revolucións.

O protagonista desta historia é Jeremy Gilley, un actor e cineasta británico que comezou a preocuparse pola cantidade de conflitos e guerras que vía no mundo. Sentía rabia, impotencia, pero tamén tiña algo moi claro: non quería quedar de brazos cruzados. Pensou que, se existía o Día das Letras, o Día da Terra, ou o Día contra a SIDA... por que non ía haber tamén un Día Mundial da Paz, un día oficial no que todos os países parasen, aínda que fose só por 24 horas, para lembrar que o odio non pode ser o camiño?

E así, sen ser político, e sen ter grandes recursos, comezou unha campaña desde abaixo. Filmou un documental chamado *Peace One Day* (Paz por un día), viaxou por escolas, universidades, parlamentos, ONG... ata chegar ás Nacións Unidas.

Foron anos de traballo, de explicar, convencer, pedir apoio. E ao final, conseguíuno.

En 2001, a Asemblea Xeral da ONU declarou oficialmente o 21 de setembro como o Día Internacional da Paz, grazas á súa iniciativa.

Pero a cousa non quedou aí: en moitos países en conflito, ese día serve para declarar un alto ao lume temporal, que permite que se poidan entregar axudas, poñer vacinas, ou prestar atención médica sen risco de morrer por un disparo.

E ano a ano, millóns de persoas participan organizando actos simbólicos ou campañas que poñen a paz, o respecto e a vida no centro.

E todo isto comezou cun xesto pequeno, unha idea teimuda e unha mensaxe poderosa: o amor é a única revolución posible.

O amor pola humanidade, pola vida, polas persoas. Un amor que se organiza, que se move, que defende. Un amor que transforma. Que non se queda impasible fronte ás inxustizas.

Por iso, falar do Día Internacional da Paz é falar do mesmo que estamos traballando hoxe aquí: a loita contra o odio a través do amor entendido como coidado, respecto e acción colectiva.

Exemplo específico de apoio 2: O movementp hippie e a guerra de Vietnam

Hoxe en día temos unha visión moi cursi e moi adulterada do que foi o movemento hippie: falamos del como algo cheo de flores, música psicodélica, xente bailando nos campos, drogas e utopías imposibles.

Pero esa imaxe simplificada fai que esquezamos algo fundamental: moita daquela xente que hoxe nos parece “rarita” ou “inofensiva” foi capaz de mobilizar millóns de persoas para cambiar o mundo. Foron protagonistas dunha das loitas sociais máis importantes do século XX: a loita contra a Guerra de Vietnam.

A Guerra de Vietnam foi un conflito moi longo e moi cruel no que morreron millóns de persoas, especialmente civís vietnamitas. Mentres o goberno dos Estados Unidos enviaba cada vez máis soldados a loitar, a sociedade empezou a cuestionarse o sentido de todo aquilo. E foron precisamente os movementos xuvenís, moitas veces liderados por estudantes e mozos e mozas pacifistas (hippies), os que fixeron que a protesta se convertese nunha forza colectiva imparable. Nas rúas, nas universidades, nos medios de comunicación, nas cancións e mesmo nos discursos de persoas coñecidas como Martin Luther King, empezou a escoitarse un mesmo berro: non queremos odio, non queremos violencia, non queremos guerra. Queremos paz, queremos vida, queremos un mundo máis xusto. Queremos amor.

Si, a forza que movía aquela xente era, por riba de todo, o amor. Non o amor romántico, senón algo moito máis radical: o amor pola vida, polas persoas, pola humanidade. O amor como ferramenta política. Quen se mobilizaba non o facía desde a agresividade, senón desde o coidado, desde o afecto colectivo, desde a idea de que cando nos unimos e nos preocupamos uns polos outros podemos transformar as cousas. Foi así como o amor se converteu nun acto de rebeldía, nunha forma de facer fronte ao odio, a destrución e a morte.

As protestas contra a guerra foron masivas, creativas e moi diversas. Houbo manifestacións de centos de milleiros de persoa, concertos pola paz, estudantes que se negaban a ir ao exército, veteranos que devolvían as súas medallas como xesto simbólico. Todo iso fixo que o goberno dos Estados Unidos tivese que recuar e buscar a maneira de saír dese conflito.

A sociedade civil, organizada e guiada por valores de solidariedade e amor ao próximo, logrou aquilo que parecía imposible: facer que unha superpotencia detivese unha guerra.

O que pasou naquela época demostranos que o amor, lonxe de ser algo cursi ou débil, pode ser unha forza revolucionaria. E hoxe, cando seguimos vendo violencias, discriminacións e discursos de odio, tamén nós podemos escoller responder desde o amor entendido como respecto, coidado, empatía e acción colectiva.

Porque cando nos xuntamos para defender a dignidade das persoas, cando apoiamos a quen sofre, cando construímos espazos seguros para sermos nós mesmas sen medo, estamos facendo o mesmo que fixeron naquela época: loitar contra o odio con amor.

E iso, por moito que se queira banalizar, é unha das formas máis potentes de cambiar o mundo. A única forma de cambiar o mundo para mellor.

ACTIVIDADE 1. HAI 2 TIPOS DE PERSOAS...

Duración: 15 minutos

OBXECTIVO

- Reflexionar sobre a diversidade humana, traballar a identidade individual e colectiva, e comprender que todas as persoas temos diferenzas e similitudes que nos conectan.
- Reflexionar sobre como o amor e o respecto nacen da aceptación das diferenzas e do recoñecemento do que temos en común.
- Promover a aceptación a través do xogo e do autocoñecemento.

DESENVOLVEMENTO

Agora imos facer unha actividade que se chama: Hai 2 tipos de persoas...

O funcionamento é o seguinte: ímosvos entregar unha ficha e en función dos 2 tipos de persoas que vaian aparecendo na pantalla, tedes que marcar unha X en cada unha das categorías 'Paz' ou 'Sol'. Cada vez que apareza cada opción, marcade a que vai máis con vós. Non pensedes demasiado. A idea é facelo con sinceridade.

Comezamos!

Hai 2 tipos de persoas...

	
As que comen o borde da pizza	As que non
As que din 'un capítulo máis'...e ven 4!	As que conseguen salvarse a tempo e parar a serie!
As que prefiren Tik Tok	As que son máis de Twitch
As que precisan falar as cousas xa de xa	As que necesitan calmarse antes de falar
As do team Aitana	As que prefiren a Bizarrap
As que adoran os luns	As que odian os luns
As que lles gusta o mar	As que prefiren a montaña
As que falan de como se senten	As que lle custa falar das súas emocións
As que escoitan música para relaxarse	As que a escoitan para motivarse
As que fan bromas todo o tempo	As que prefiren a calma
As que viven con naturalidade a súa identidade	As que aínda a están buscando
As que lle botan a salsa por enriba á comida	As que prefiren botar a salsa nun lado
As que prefiren os cans	As que son máis de gatos
As que queren sen medo	As que teñen medo a querer por se non as aceptan
As que comen o chocolate a bocados	As que o deixan derreter na boca
As que falan moito	As que prefiren escoitar

As que prefiren a primavera	As que son máis de outono
As que bailan cando ninguén as ve	As que lles encanta bailar diante de todo o mundo
As que se mostran tal e como son	As que aínda lles custa ser elas mesmas
As que van co móbil a todas partes	As que o esquecen a miúdo (e tampouco lles importa tanto...)

Agora mirade as vosas fichas e comparádeas coas das vosas compañeiras e compañeiros.

- ***Hai alguén que pensabades moi diferente a vós e resulta que coincidides moito? E ao revés?***

Explicación dinamizadoras:

Aínda que ao comezo parecía que só hai dous tipos de persoas, en realidade cada quen de vós ten unha combinación única de paces e soles, non? Ningunha ficha é exactamente igual, non? Dádesvos conta?

Todas son combinacións únicas. Iso significa que todas e todos somos diferentes en algo e, ao mesmo tempo, sempre temos algo en común. E iso tamén é diversidade.

Ás veces pensamos que as persoas que parecen moi distintas a nós están nun mundo totalmente diferente, pero sempre atopamos algo que compartimos. E iso é o bonito da diversidade.

E o amor, do que falabamos antes, tamén ten que ver con isto: con respectar as diferenzas, celebrar o que nos fai únicas e únicos, pero tamén atopar os lazos que nos unen. Porque cando aprendemos a ver e valorar a diversidade, facemos que o noso mundo sexa máis acolledor para todas as persoas. Tamén para nós mesmos e mesmas!

Ao final o odio é moi reducionista, xera etiquetas que nada teñen que ver coa realidade, e sobre todo, céntrase no que nos separa. Pola contra, o amor entende que cada persoa é un mundo, e céntrase nas cousas comúns, en crear lazos, sen intentar borrar as diferenzas.

Porque cando aceptamos as diferenzas, cando atopamos puntos en común, ao final estamos a xerar un mundo onde todas as persoas teñan un lugar para vivir con dignidade e liberdade.

ACTIVIDADE 2. O AMOR COMO MOTOR DE CAMBIO SOCIAL

Duración: 10 minutos

OBXECTIVO

- Axudar ao alumnado a comprender que o amor non é só un sentimento persoal ou íntimo, senón tamén unha ferramenta colectiva para transformar a sociedade.
- Visibilizar o amor como resistencia, coidado, inclusión e xustiza.
- Reflexionar sobre como se expresa o amor nas súas vidas e contornas.

DESENVOLVEMENTO

Agora imos facer unha actividade diferente, en grupo. Ídesvos xuntar en grupos de 4-6 persoas. Vouvós dar a cada grupo unha tarxeta cunha frase comezada. Esa frase está relacionada co amor, pero non co amor romántico das pelis... senón co amor que coida, que resiste, que constrúe cousas boas, que cambia o que está mal. O amor como unha forma de facer, de estar no mundo, de loitar contra as inxustizas.

E a vosa tarefa como grupo será rematar esa frase. Por exemplo, 'o amor é coidado cando...acompañas a alguén que está triste sen facerlle un interrogatorio, só estando aí', 'o amor é resistencia cando...interésome por problemas sociais aínda que non me afecten directamente a min'.

Tedes uns 5 minutos para pensar en grupo exemplos que completen a vosa frase. Consensuade! Podedes escribir varias frases, facer unha lista de situacións... o que prefirades.

Despois, ímolas poñer en común.

Frases a entregar:

- O amor é coidado cando...
- O amor é resistencia cando...
- O amor é revolución cando...
- O amor é político cando...
- O amor constrúe comunidade cando...
- O amor transforma cando...

Todas estas accións son eleccións que cambian a realidade, a nosa realidade. Son actos de amor que van máis alá da nosa idea do amor romántico. Son actos transformadores. Son actos que xeran redes, lazos, comunidade, pertenza.

REFLEXIÓN FINAL

Duración: 10 minutos

Chegamos ao final do noso obradoiro.

Falamos do odio, de como se disfraz, de como nos fai sentir que pertencemos a algo... pero en realidade é unha falsa sensación, porque a verdade é que tan só nos separa.

Pero tamén falamos do amor. Do amor que coida. Que defende. Que non cala ante as inxustizas. Do amor que loita.

Porque o amor non é só algo bonito que sentimos, é algo poderoso que facemos. É unha decisión, unha práctica, unha acción.

O odio non necesita nada para medrar: só que calemos. Pero o amor, para medrar, precisa de accións pequenas todos os días.

Cada vez que escollemos coidar, comprender, acoller, estamos a cambiar algo. E iso... tamén é facer historia.

Para rematar, lánzovos a seguinte pregunta:

- ***Se tivésedes que escoller unha palabra para levar convosco de todo o que falamos hoxe... cal sería?***

ACTIVIDADE DE DINAMIZACIÓN NO PUNTO ARCOÍRIS

Como se chama?	O amor tamén é revolución!
A quen vai dirixido?	Alumnado de todo o centro educativo.
Canto dura?	40 minutos (20 min e 20 min, durante os 2 recreos)
Que persegue?	• Reforzar a idea de que o amor é unha ferramenta transformadora. • Crear comunidade e sentimento de implicación. • Enmarcar o amor como antídoto fronte ao odio e a exclusión.
Que enfoque ten?	Práctico e participativo.

DESENVOLVEMENTO

Durante os 2 recreos, instalarase un espazo sinalizado como Punto Arcoíris, cun mural titulado: **O amor tamén é revolución!**

Para recibir o agasallo e o pack de materiais de sensibilización que se vai entregar desde o Punto Arcoíris, o alumnado terá que coller unha das tarxetas dispoñibles con algunha das seguintes frases comezadas:

- *O amor é coidado cando...*
- *O amor é resistencia cando...*
- *O amor é revolución cando...*
- *O amor é político cando...*
- *O amor transforma cando...*
- *O amor constrúe comunidade cando...*

Cada alumna/o poderá coller unha ou cantas tarxetas queira e escribir unha frase que complete o enunciado.

Unha vez cuberta, pegarase no gran mural colocado para tal fin, coa finalidade de recoller diferentes accións cotiás que expresan amor, coidado, respecto... que queden plasmadas no centro de ensino.